

ANUNCIO

ALEGACIÓNS Á PROPOSTA DE REVISIÓN DO PLAN DIRECTOR DO AEROPORTO DE A CORUÑA

Con data 15 de xuño de 2018 publicouse no BOP anuncio da Dirección Xeral de Aviación Civil, polo que se somete a información pública o Informe de Sustentabilidade Ambiental, xunto coa proposta de revisión do Plan Director do Aeroporto de A Coruña.

Mediante escrito do Director Xeral de Aviación Civil de data 27/07/2018, comunicouse a este Concello o acordo de ampliación do prazo para presentar alegacións aos documentos citados **ata o 18 de setembro de 2018.**

Con data 17/09/2018 o Concello presenta ante a Dirección Xeral de Aviación Civil, documento de alegacións á proposta de revisión do citado Plan Director, fundadas en razóns técnicas e obxectivas, e que pode consultarse en documento adxunto a este anuncio.

Así mesmo, ponse a disposición de tod@s os cidadáns/ás, así como das distintas asociacións do municipio, modelos de adhesión ás alegacións do Concello de Culleredo á proposta de revisión do Plan Director do Aeroporto de A Coruña, para presentar ante a Dirección Xeral de Aviación Civil, no caso de resultar de interese.

Para calquera dúbida poden poñerse en contacto coa Alcaldía (Rúa do Concello nº 12, Tarrío-Culleredo, planta primeira. Teléfono 981.677733; email: alcaldia@culleredo.es)